

## A CADEIRA DA MOURA

Os veráns na nosa aldea, Barcela, non son , nin moito menos , aburridos. Só somos tres, pero facemos por un grupo de exploradores. A nosa aldea é increíble, porque podes estar no río , e una hora despois, no cumio da montaña.

Vos estades preguntando por que dixer “ exploradores ”? Manuel, Xosé e máis eu somos tres rapaces diferentes, dos que non poden estar máis dunha hora seguida na casa. Dende pequenos, no verán íamos cos nosos pais a dar paseos polo monte, case todos os días. Sempre cambiabamos a ruta, e como o pobo é moi diverso, nunca chegaba o fin das rutas que se podían facer. Segundo nos fomos facendo maiores, comezamos a ir sós, pero coa bicicleta. Comezamos a descubrir a parte “oculta” de Barcela, as zonas nas que non había camiños, os lugares máis descoñecidos da parte do río, etc.

No verán hai días especiais, pero para nós o máis importante é o de San Xoán: nesa semana, os días son moi longos, e non paramos de descubrir máis pobo coa bicicleta; é un día no que sempre atopamos algo que só as persoas máis loxevas do pobo coñecen ; é o mellor día do ano.

Os tres exploradores levantámonos e saímos da tenda de campaña( todos os días de San Xoán acampamos nas pradeiras que están preto do centro do pobo). Facía sol, non era de extrañar; preparámonos, collemos as bicis e encamiñámonos hacia una parte do monte preto do río á que a miña avoa chama a “Costa do Cabalo”. Eu vía incomprendible ese nome, era una zona completamente chá. Iso fixo que os tres ousados fomos a esa zona para ver por que se chamaba así.

Despois dunha larga hora de paseo, paramos a descansar. Manuel dixo:

- Iso que se ve alá ao fondo non son dous pequenos outeiros?
- Esa pode ser a resposta á nosa pregunta!- respondín eu, sorprendido.

Collemos as bicicletas e achegámonos aos outeiros. Eran coma dúas pequenas montañas que facían un val no medio, pero por un dos lados de fóra dos outeiros había unha costa que levaba directamente ao río. Por fin atopamos a Costa do Cabalo.

Comezamos a dar voltas polos cumios, e observamos que na zona do val atopábase un terreo cheo de silvas, daba a sensación de que se atopaba algo oculto no interior. Os tres intrépidos exploradores comezamos a cortar as silvas cunha gadaña que levabamos na mochila. A nosa sorpresa foi enorme:

- Parece un sofá, pero está feito de pedra – respondín eu, abraiado-

Era increíble, tiña a mesma forma que unha cadeira de rei, pero era todo pedra! De súpeto, comezouse a escoitar unha risa que recordaba á dunha bruxa malvada dos debuxos animados. Os tres saímos correndo rapidamente, deixando alí as bicis e todo o que levamos. Fómonos esconder a unha canle de auga que está cuberta e xa atopamos fai uns anos. Era como a parte baixa dunha pirámide, pero tiña un buraco polo medio para deixar pasar a auga. Nós metémonos nese burato, malia que a risa xa cesara.

- Temos que saír de aquí, non temos nada!- Dixo Xosé, preocupado-

- Pero hai un perigo enorme aí fóra, esa risa non ten ningunha explicación. Tamén penso que si que necesitamos saír- afirmou con medo Manuel-

Saímos da canle, achegámonos as bicicletas, e xusto cando arrincamos as risas volveron, saímos con todas as nosas forzas e chegamos a casa nun intre. Tiñamos un problema, se lle contamos aos nosos pais o que nos sucedeu, posiblemente nos boten a bronca e nos castiguen sen saír bastante tempo. Para estas explicacions paranormais deberíamos ir a visitar á miña bisavoa, a muller máis

lonxeva de Barcela. Ela sabe todas as lendas da nosa aldea, e as dos arredores, é a nosa única axuda.

Achegámonos á súa casa e explicámoslle con moito detalle todo o que sucedera.

Ela tiña a resposta:

- Xa non recordo moi ben esta lenda, porque contouma meu pai cando era pequena: el díxome que cando os musulmáns estiveron en Galicia, a muller do xefe das tropas púxose a descansar entre eses dous outeiros, e coma o lugar lle gustaba tanto, pediulle aos soldados que fixeran unha cadeira de pedra para ela. O día de San Xoán estaba ela sentada peiteándose e comezou a chover dunha maneira escandalosa, o que fixo que os outeiros funcionaran coma unha canle e inundara esa zona. O meu avó dicía que pola forma que tiñan os outeiros, daban a sensación que eran unha mina de ouro romana, e que nesa zona é moi fácil que a auga circule rapidamente. Entón no día de San Xoán dise que o espírito da moura aparece na Costa do Cabalo, e que ás doce da noite aparece a súa fantasma, peiteándose como o intre no que morreu.
- Avoa, ti cres que será perigoso ir ás doce da noite a ver a moura?- preguntén eu, intrigado-.
- Non se vos ocurra nin achegarvos a Costa do Cabalo! Se a pantasma vos mira, teremos un mes seguido de tormentas.

Démoslle as grazas a Cecilia pola información, e fomos comer; os nosos pais notábanos diferentes, e nos non sabiamos que facer para que non se nos notara. Xosé tremía cando collía a comida, normalmente lle caía, e os nosos pais miraban para nós con cara de medo. Ninguén falaba, todo eran miradas.

Ao rematar de comer decidimos reunirnos no salón da casa de Manuel para decidir o que iamos facer.

- Xa escoitastes a avoa, eu non teño ganas de perder todo o verán por unha tontería - dixo Xosé, enmedrecido-.
- Pero o da tormenta ten que ser mentira! Xa sabes que nas lendas algunhas cousas son verdade e outras mentira- dixo Manuel, confiado-.
- Despois da risa que escoitamos non che sei eu- dixen eu,dubitativo-.
- Veña rapaces, arriscamos, Xosé leva a cámara de fotos, imos facer historia. Ás dez da noite saímos da praza. Hai que acordarse de levar lanternas, e material que se utilize pola noite-dixo Manuel,con ilusión-.

Puxemos uns coxíns na cama para que os nosos pais pensaran que estabamos durmindo. Eran as dez, e estabamos os tres preparados para saír cara a Costa do Cabalo.

Pola noite todo se vía distinto que polo día, moitas veces nin sequera sabías onde estabas.Cada vez estabamos máis preto da zona, e non había ningún rastro da moura, nin sequera as risas de onte. Chagamos aos outeiros, estaba todo escuro e non había nin rastro da moura. Os tres sentámonos e puxémonos a esperar.

Eran as once e media, e todo seguía igual. Comezouse a escoitar un estrondo, e de debaixo da cadeira comezou a saír un fume branco que rápido se converteu na pantasma da moura. Nós estabamos agochados, así que non había ningún problema, ata que:

- Aquí cheira a neno, onde esta? Que o neno saia ou senón todo o meu arredor caerá nunha maldición de por vida!

Descubriunos, saímos pouco a pouco e ela mirou para nós.

- Que vós trae pola miña terra, ousados rapaces?
- Nós só viñamos a comprobar se a túa existencia era só unha lenda ou era real.- Dixen eu, tremendo,tartamudeando-.

- A min dáme igual que veñades a facer! Non me podedes molestar! Agora haberá unha gran tormenta durante un mes seguido na vosa aldea. Escapade canto antes se non queredes outra maldición!

Sáímos correndo o máis rápido que puidemos, pero claro, ao ser de noite e co medo non sabiamos a onde íamos e rematamos no río. Deixamos todo o equipamento ao lado da moura, entón non podemos ir a collelo; e se intentamos subir podemos dar sen querer coa Costa do Cabalo. Non sabiamos que facer, así que quedamos a durmir no medio dunha pesqueira. Como era verán, o nivel do río era baixo entón podiamos quedar no medio das pesqueiras, unhas construcións que se utilizan para pescar a lamprea, un peixe( é medio dinosaurio) que é tradicional da zona de Barcela e os arredores. A noite foi mala, porque facía bastante frío, e non puidemos durmir moito porque ás sete da mañá xa saíra o sol.

Xa descansados e con luz, decatámonos de onde estabamos. Era unha zona da aldea do lado! Estabamos a 5 quilómetros máis ou menos da nosa casa, contando que é monte era bastante lonxe. Comezamos a andar, o día estaba ben, había nubes, parecía que non se ía a cumprir a profecía pero... Comezou a chover nun abrir e pechar de ollos! Xa estabamos preto da casa así que corremos un pouco. Chegamos mollados á miña casa, a que máis a man estaba. Os meus pais víronnos, eran as dez, así que xa viron os coxíns na cama... En fin, estaban moi cabreados e aínda por encima nós estabamos empapados. E claro deberíamos dar explicación de tantas cousas, así que ao final contámolo todo, e meus pais chamaron aos de Manuel e de Xosé, e o peor, á miña bisavoa, que parecía a máis cabreada.

- Rapaces! Non vos dixen que era un gran perigo! Agora estavos ben, tiñades un verán moi bo para disfrutalo, e por atrevidos agora teredes que estar na casa.

- E estaredes na casa castigados ata que pare a tormenta, evidentemente-  
Afirmou o pai de Xosé-.

Este ía a ser o verán máis aburrido de toda a nosa vida, que fariamos agora na casa?

Pois ben, eu teño gardado un mapa de Barcela no que poderemos ver novas rutas para cando remate a tormenta, esta vez iremos deica a montaña, porque despois desto a zona do río estará abandonada durante un bo tempo!

O tempo de tormentas pasou máis rápido do esperado, e nós seguimos facendo rutas, mellores ca as de antes, xa que buscando todo o mes no mapa, só atopabamos zonas descoñecidas. Aínda así perdemos un mes do verán, e quedounos algo claro: os avós son máis sabios ca nós, e sempre debemos facerlle caso porque teñen máis experiencia.

### **Cabaleiro Andante**